

ORDENANZA REGULADORA DA UTILIZACIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO

CAPITULO PRIMEIRO DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.º.1. O pavillón polideportivo (PPM) é un ben de dominio público, servizo público, situado na rúa Mercado Gandeiro S/N de Baralla, destinado esencialmente ós fins particulares do deporte e da cultura.

2. No PPM poderanse practicar as seguintes actividades e modalidades deportivas:

BASQUET.

FÚTBOL SALA.

TENIS DE MESA. EDUCACIÓN FÍSICA. DANZAS.

CONCERTOS.

FESTIVAIS .

E outras modalidades deportivas non citadas expresamente para as que tal instalación puidera ser utilizada.

Artigo 2.º. A presente ordenanza ten por obxecto a formulación dun conxunto de normas encamiñadas a planificación das actividades deportivas e culturais dentro do PPM, co fin de alcanzar os seguintes beneficios:

1.º- Utilización racional e ordenada do PPM, garantizado os cidadáns, en igualdade de condicións, acceso as instalacións.

2.º- Aproveitamento integral dos recursos dispoñibles, tanto materiais como humanos.

3.º- Coordinación dos esforzos e actividade.

4.º- Diminución de imprevistos.

5.º- Fácil control das actividades.

Artigo 3.º. Calquera que sexa a actividade que se desenvolva no PPM, -deportiva, cultural ou escolar-, o concello de Baralla exercerá a necesaria intervención administrativa, o control, a vixilancia e cantas funcións impliquen exercicio de autoridade e sexan da súa competencia.

Artigo 4.º. Corresponde o Pleno do Concello:

a) Aprobar, modificar ou derrogar esta ordenanza.

b) Fomentar o desenvolvemento das actividades deportivas do municipio de Baralla, coordinando tódolos esforzos e iniciativas que se realicen cunha visión de conxunto, sen prexuízo das facultades que correspondan ás entidades respectivas.

- c) Encauzar e fomentar os deportes escolares e de afeccionados.
- d) Determinar os créditos anuais necesarios para atender o cumprimento das obrigacións derivadas dos plans de inversión e gastos correntes no PPM.
- e) Fixar os prezos públicos pola utilización do PPM.
- f) Solicitar e aceptar subvencións, auxilios e outras axudas do Estado, Comunidade Autónoma de Galicia, corporacións públicas e particulares.
- g) Interpretar esta ordenanza e resolver as dubidas que poidan plantearse.

Artigo 5.º. Corresponde o alcalde ou rexedor en quen delegue:

- a) Dirixir e conservar o PPM e a organización dos seus servicios.
- b) Coordina-la utilización das instalacións, así como os programas de actividades deportivas no término municipal, concedendo as autorizacións para a utilización do PPM, tanto as entidades deportivas, como culturais ou escolares.
- c) Fixar, motivadamente, o horario de utilización do PPM, así como o peche esixido por vacacións ou reparacións, facéndoo público mediante bandos; sen prexuízo da notificación individualizada os usuarios habituais.
- d) Dispoñer gastos no PPM dentro dos límites da súa competencia e dos créditos presupostados.
- e) Autorizar a percepción dos prezos públicos que se establezan legalmente.
- f) Inspeccionar as actividades, sancionando as infraccións a esta ordenanza.
- g) As demais que expresamente lle fixen as leis e as que asignadas o Concello non se atribúan expresamente ao Pleno.

CAPITULO II

DO ENCARGADO DO PAVILLÓN

Artigo 6.º. O encargado do PPM, terá as seguintes funcións:

- a) A apertura e peche do PPM, permanecendo nel no cumprimento das súas funcións.
- b) Coidar de que as actividades no interior do PPM se realicen con normalidade e coordinadamente, en harmonía coas normas regulamentarias e de réxime interior vixentes.
- c) Velar polo bo orde, limpeza e adecuado uso das instalacións.
- d) Procurar pola conservación e entretemento do edificio e as súas instalacións, proponendo as medidas máis adecuadas para o mellor funcionamento.
- e) Atender as suxerencias, queixas e reclamacións que se formulen, transmitíndollas, no seu caso, ao alcalde.

f) Notificar ás entidades deportivas, culturais e escolares as comunicacións do concello que directamente lles afecten.

g) Manter continuamente informado o Sr. alcalde ou rexedor delegado do servicio de todo aquilo que de algunha relevancia ocorra no PPM.

h) Cantas outras funcións resulten desta Ordenanza ou lle foran encomendadas pola Alcaldía ou o Rexedor Delegado do Servicio e estean concreta e intimamente relacionadas coas funcións especificamente estipuladas nesta ordenanza.

CAPITULO III

DEREITO E OBRIGAS DOS ESPECTADORES

Artigo 7.º 1. A entrada os actos deportivos e culturais que se organicen no PPM será gratuíta.

2. Calquera actuación que esixa o pago dunha entrada, precisará a previa autorización expresa e escrita da Alcaldía.

Artigo 8.º 1. Non se autoriza a entrada de animais o recinto do PPM.

2. Exceptuase desta prohibición os cans lazarillo, sempre que vaian debidamente identificados, estean realizando o seu labor e cumpran as condicións de hixiene e salubridade, conforme dispón a lei 10/1993, de 8 de outubro, reguladora do acceso o entorno das persoas con diminución visual acompañadas de cans lazarillos ..

Artigo 9.º. Non se permite fumar, nin comer dentro do recinto do PPM, salvo en vestíbulo de entrada.

Artigo 10.º 1. Non se autoriza o acceso a pista e os vestiarios de calquera persoa non participante na actividade deportiva, cultural ou escolar, anque sexa familiar ou amigo dos deportistas ou escolares.

2. Exceptúase esta prohibición o representante ou familiar dos deportistas ou escolares menores de 16 anos ou con algún tipo de diminución física ou psíquica, o cal poderá acceder os vestiarios e a quen corresponderá facer cumprir o menor as normas que lle afecten desta ordenanza e responsabilidade do seu incumprimento .

CAPITULO IV

DEREITO E OBRIGAS DOS USUARIOS DO PAVILLÓN

Artigo 11.º. Os usuarios teñen dereito a utilizar o PPM conforme a súa natureza, as actividades autorizadas, as normas federativas e as desta ordenanza que regulamentan o seu uso.

Artigo 12.º. Calquera usuario ten dereito a formular as reclamacións e suxerencias que estime pertinentes ante o encargado do PPM ou por escrito ante a Alcaldía.

Artigo 13.º. As entidades e particulares que utilicen as instalacións para a práctica deportiva e, excepcionalmente, para outras actividades clasifícanse en:

* Habituais, en canto usuarios que utilizan as instalacións de forma periódica ou habitual por ter programadas as súas actuacións.

* Ocasionais, sexan entidades ou particulares.

Artigo 14.º. Os deportistas e escolares non podarán utilizar as instalacións do PPM individualmente, se non en equipo; cun delegado responsable e previa a pertinente autorización.

Artigo 15.º. Queda prohibido acceder a pista con calzado non deportivo.

Artigo 16.º. Os usuarios do PPM comprométese a respetar tódolos bens mobles e inmobles que o integran.

Artigo 17.º. Todo usuario ou espectador que manifieste un comportamento contrario a normativa da ordenanza, ou que non respete as persoas ou cousas que se encontren en aquel momento no PPM, será conminado a abandonar a instalación.

CAPITULO V

AUTORIZACIÓN E COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES

Artigo 18.º 1. Para a utilización do PPM precisarase a previa autorización escrita do alcalde, que non poderá ser superior a un ano; sen prexuízo das renovacións que procedan.

2. As entidades deportivas, culturais e escolares, comunicarán por escrito o Concello, o inicio da temporada e sempre con quince días de antelación, o calendario das súas actuacións, entrenamentos ou ensaios, con especificación de días, horario e clase de actividade ou deporte a practicar, solicitando a pertinente autorización, o obxecto de coordinar as actividades, para a utilización racional e ordenanza do PPM e o seu mellor aproveitamento e control.

De non proceder, o escrito de denegación deberá incluír as causas de tal circunstancia, por se aquelas fosen susceptibles de ser resoltas.

Artigo 19.º. Se houberse coincidencia de datas e horarios, respecto de distintas actividades, o alcalde citará os responsables das distintas entidades, para solucionar a problemática planteada, correspondendo o alcalde, en última instancia, resolver e autorizar as actuacións, oídos os interesados.

Artigo 20.º. Dentro do horario escolar, a preferencia establécese en beneficio das entidades deportivas e culturais do municipio.

Artigo 21.º. Transcorrido o tempo de utilización previsto e autorizado para unha concreta actividade, os protagonistas deberán abandonar a pista puntualmente; máxime, si hai outras actuacións sucesivas.

Artigo 22.º. Os vestidores serán utilizados privativamente polos grupos ou equipos e a duración máxima será de media hora unha vez finalizada a actividade.

Artigo 23.º. As chaves dos vestiarios serán facilitadas polo encargado e unha vez rematada a actuación devolveránselle a el.

Artigo 24.º. O alcalde resérvase o dereito de deixar sen efecto a autorización de uso dunha franxa horaria ou máis, en casos especiais en que haxa que atender unha petición extraordinaria ou cando se trate de actos organizados polo Concello. En todo caso, comunicaráselle os afectados cun mínimo de 10 días de anticipación e, sempre que sexa posible, trasladarase a autorización de uso a outro día ou a outra franxa horaria.

Artigo 25.º

1. A autorización da utilización do PPM pode suxeitarse o previo pago de prezo público.

2. Obtida a autorización, o feito de non utilizar o PPM non exime do aboo do prezo público; sen prexuízo de que si reiteradamente non se utilizase nas horas reservadas se poda proceder a anulación da autorización.

CAPITULO VI

MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DO PAVILLÓN

Artigo 26.º. O PPM conservarase en condicións de seguridade, salubridade e ornato público.

Artigo 27.º. Calquera anomalía ou desperfecto que se observe ou se produza como consecuencia da práctica normal das actividades, comunicaráselle ó encargado do PPM.

Artigo 28.º. Os organizadores de cada actividade ou competición serán os responsables das accións ou omisións dos participantes que causen dano as instalacións, durante o exercicio das actividades e faranse cargo dos gastos que orixine o desperfecto.

Artigo 29.º. O Concello non se fai responsable, en ningún caso, dos obxectos depositados no interior dos vestiarios e armarios.

Artigo 30.º. O encargado do PPM poderá cerralo por razóns de seguridade ou climatolóxicas e cando se produzan circunstancias que poidan ocasionar danos físicos a persoas e/ou desperfectos graves as instalacións.

Artigo 31.º. 1. A publicidade estática no PPM, calquera que sexa o soporte publicitario no cal se desexe materializa-la mensaxe, queda suxeito a previa autorización e aboo da taxa que corresponda.

2. Non se autorizará a publicidade estática nos paramentos exteriores do PPM, nin a colocación no interior de calquera soporte publicitario que pola súa forma, color, debuxo, ou inscricións poida ser confundido con sinalizacións existentes, impidan a visibilidade ou afecten a seguridade dos espectadores ou usuarios.

CAPITULO VII

INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Artigo 32.º. Considérase como infracción desta ordenanza, o incumprimento total ou parcial das obrigas ou prohibicións establecidas na mesma.

Artigo 33.º: A potestade sancionadora exercerase mediante o procedemento establecido no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza que consta de 33 artigos e unha disposición final, entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente polo Concello e se publique o texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.